

# CAMPIONATO GALEGO DE WÁTER-POLO CADETE

Tempada 2008 - 2009 - Circular 08-37

## 1.- Participación

1.1.- Poderán tomar parte todos aqueles clubs inscritos na FEGAN, até un máximo de dous equipos por Club. Como caso excepcional un Club poderá inscribir até 3 equipos. Devandito caso virá condicionado polo Sistema de competición Modelo 6.

1.2.- Os xogadores deberán estar en posesión de licenza federativa (Licenza Deportista de Competición).

1.3.- É de obrigado cumprimento para participar en devandito Campionato que todos os clubs presenten unha relación de xogadores ANEXO, onde figure o nome completo, a data de nacemento, o número de gorro con que disputará o encontro e o número de licenza Federativa acompañado da presentación do carné federativo antes de cada encontro.

1.4.- A idade dos xogadores será a dos nados no ano 93 e posteriores en categoría masculina e feminina.

## 2.- Inscripcións

2.1.- Os clubs deberán confirmar a súa participación á FEGAN e remitir o ANEXO debidamente cumprimentado utilizando un medio fidedigno polo menos 15 días antes da celebración do campionato.

2.2.- Os clubs que non cumpran os requisitos establecidos no punto anterior (2.1) quedarán automaticamente excluídos do campionato galego cadete.

2.3.- Unha vez finalizado o prazo de inscrición e en función do número de equipos inscritos a FEGAN comunicará o Sistema de Xogo a empregar.

## 3.- Calendario

3.1.- Celebraranse dous Campionatos un de inverno e un de verán segundo calendario. As datas poden ser modificadas sempre que afecten dalgún xeito e previa xustificación ás competicións nacionais, nese caso comunicaránse oportunamente a todos os clubs, volvendo fixar os novos prazos de inscrición.

## 4.- Sistema de xogo

4.1.- Procurarase que se disputen o maior número de partidos posibles, aínda que e tendo en conta a idade dos participantes, os partidos poderanse organizar con menor duración que a habitual, a expensas en todo caso das inscricións recibidas.

4.2.- O horario dos encontros así como o número de partidos en cada xornada (mañá-tarde) determinaráo o club organizador en función da dispoñibilidade horaria da instalación.

4.3.- En todos os partidos e en todos os sistemas de competición acabarán cun vencedor (sen posibilidade de empate).

4.4.- Xogarase conforme á normativa de wáter-polo publicada, modificando a duración do partido en función do número de equipos e partidos.

4.5.- O sistema de xogo a empregar quedará supeditado ao número de equipos inscritos. Para conseguir unha maior celeridade á hora de concretar que sistema de xogo utilizarase en cada tempada achéganse os modelos para o coñecemento de todos os clubs galegos.

4.6.- No caso de que nun Sistema de Xogo existisen 2 opcións distintas a empregar, o equipo organizador será quen decida que sistema de xogo a empregar.

## 5.- Obrigas dos equipos

5.1.- O equipo anfitrión sinalará á Secretaría da competición, antes do inicio do partido, quen é o DELEGADO DE CAMPO.

5.2.- O equipo anfitrión deberá dispor de actas, 3 cronómetros e as bandeiras de sinalización, e disporá conforme ás obrigacións que se especifican no Regulamento Xeral. (Sen prexuízo do anteriormente especificado, o equipo arbitral disporá sempre de actas para os partidos e chifres).

## 6.- Títulos e premios

6.1.- Entregarase un trofeo ao equipo campión Galego e medallas a compoñentes dos equipos clasificados nos tres primeiros postos.

A Coruña, 27 de Xuño de 2008

Secretaría Xeral FEGAN

Anexo:

Campionato Galego De Wáter-Polo Cadete					
Formulario de inscrición -Tempada 2008 - 2009					
Club / Equipo :					
Nome persoa de contacto:					
Indicar a categoría na que se inscribe:					
CAMPIONATO DE INVERNO			CAMPIONATO DE VERÁN		
<b>DEPORTISTAS</b>					
	Apelidos	Nome	D. Nacemento	N. Licenza	N. Gorro
1.					
2.					
3.					
4.					
5.					
6.					
7...					
8.					
9.					
10.					
11.					
12.					
13.					
14.					
15.					
16.					
17.					
18.					
19.					
20.					
<b>TÉCNICOS</b>					
	Apelidos	Nome		N. Licenza	
1.					
2.					
3.					
<b>DIRECTIVOS / DELEGADOS</b>					
	Apelidos	Nome		N. Licenza	
1.					
2.					
3.					

CLUB: Sinatura e Selo

FEGAN